



Miña amiga

Teño unha amiga que sempre está ao meu carón.

Cando nacín, ela estaba presente —aínda que eu non o sabía— pero sentíaa moi preto. Cada día está aquí, segue na miña vida: no meu almorzo, no meu xantar, na cea e tamén cando durmo, alimentando os meus soños.

E chorando de risa ou cheo de bágoas de tristeza, ela acompáñame e axúdame a expresarme mellor. Cando fico só na piscina ou na praia, ela xoga comigo. Nunca me aburro.

Ela podería matarme, pero sen ela non viviría ninguén. Todos a precisamos. Vexetais e animais a usamos e debemos coidala.

Cando chove, neva, sarabia ou hai néboa, queda xunto a min, xunto a nós, coma sempre. Grazas por darnos vida e ledicia.

Esta boa amiga chámase Auga.
Querémoste, AUGA!

Dylan Simoes Rúa